Instrución conxunta da Xerencia e da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo, Planificación Económica e Infraestruturas do 9 de outubro de 2026, pola que se determina o calendario, os criterios e outras medidas para a elaboración dos orzamentos da USC para o exercicio 2027

Esta instrución producirá efectos desde a súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade de Santiago de Compostela e será aplicable ao proceso de elaboración do Orzamento da USC para o exercicio 2027.

A elaboración do Orzamento da Universidade de Santiago de Compostela para o exercicio 2027 constitúe un dos principais instrumentos para trasladar á planificación económico-financeira as prioridades da institución e ordenar os recursos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións. Neste proceso deberán conciliarse os obxectivos da Universidade coa estimación dos recursos previsibles e coa necesaria priorización das políticas de gasto, procurando unha utilización eficiente e responsable dos fondos públicos.

Marco económico

A elaboración do Orzamento para 2027 enmárcase nun contexto no que, xunto coa evolución das principais magnitudes económicas, adquiren especial relevancia as condicións derivadas do marco de estabilidade orzamentaria e da aplicación das regras fiscais.

O actual marco de gobernanza económica europea reforza a planificación fiscal a medio prazo e atribúe á evolución do gasto un papel relevante no seguimento dos compromisos fiscais. Pola súa banda, a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece os principios que deben orientar a actuación económico-financeira do sector público e regula expresamente a regra de gasto no seu artigo 12.

Neste contexto, a elaboración do Orzamento da USC para 2027 deberá atender ao cumprimento das regras fiscais que resulten de aplicación e, en particular, ás esixencias derivadas da estabilidade orzamentaria, da sustentabilidade financeira e da regra de gasto. Estes condicionantes deberán terse en conta na determinación do escenario orzamentario global, na evolución dos gastos e na valoración da capacidade para incorporar novas actuacións ou asumir novos compromisos de carácter estrutural ou recorrente.

A estes condicionantes engádese a situación específica do financiamento universitario. A finalización do período de vixencia inicialmente previsto para o Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026, prorrogado para o orzamento 2027, fai necesario abordar a elaboración do Orzamento de 2027 con criterios de prudencia, atendendo á información dispoñible sobre o marco de financiamento que resulte aplicable ao Sistema Universitario de Galicia e evitando incorporar previsións de ingresos que non conten cunha base suficientemente contrastada.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Neste escenario, a planificación orzamentaria deberá prestar especial atención aos compromisos económicos xa asumidos, aos gastos necesarios para garantir o funcionamento ordinario da Universidade e á incidencia das novas decisións de gasto. A incorporación de novas actuacións deberá avaliarse atendendo á súa prioridade institucional, á existencia de financiamento suficiente e, cando proceda, ao seu impacto en exercicios posteriores.

As propostas que sirvan de base para a elaboración do orzamento deberán incorporar, por tanto, unha perspectiva que permita valorar non só as necesidades correspondentes ao exercicio 2027, senón tamén os compromisos futuros derivados das decisións que se adopten, especialmente no caso dos gastos de carácter estrutural ou recorrente. A planificación orzamentaria deberá contribuír deste xeito a compatibilizar o desenvolvemento das políticas universitarias coa sustentabilidade financeira da institución.

De conformidade co artigo 15.2 do Regulamento de xestión orzamentaria da Universidade de Santiago de Compostela, a elaboración e aprobación do orzamento determinarase atendendo ao calendario e ás demais indicacións que estableza a Xerencia.

En virtude desta previsión normativa,

DISPOÑO

Primeira. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Esta instrución ten por obxecto establecer o calendario, os criterios, a información necesaria e as medidas estruturais e organizativas que deberán terse en conta na elaboración do proxecto de Orzamento da Universidade de Santiago de Compostela para o exercicio 2027.

2. As previsións desta instrución serán de aplicación ás Vicerreitorías, Centros, Departamentos, Institutos e Centros de investigación, Servizos, Unidades Administrativas e restantes estruturas da Universidade con responsabilidade na xestión de ingresos ou gastos ou que dispoñan de información relevante para a elaboración do orzamento.

3. Incluirase igualmente no proxecto de orzamento a información orzamentaria que corresponda das entidades públicas vinculadas ou dependentes da USC, consonte a normativa que resulte de aplicación.

Segunda. Criterios xerais para a elaboración do orzamento

A elaboración das propostas que servirán de base para a confección do proxecto de Orzamento para 2027 atenderá aos seguintes criterios xerais:

a) Prudencia na estimación dos ingresos, de maneira que as previsións se fundamenten en información suficientemente contrastada e, sempre que resulte posible, nunha base documental ou nunha expectativa razoablemente acreditada de financiamento.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

b) Suficiencia financeira, procurando que os gastos que se propoñan conten coa correspondente cobertura financeira.

c) Prioridade dos compromisos adquiridos, singularmente dos que deriven de obrigas contractuais, actuacións plurianuais ou outras obrigas que deban ser atendidas no exercicio 2027.

d) Garantía do funcionamento ordinario dos servizos e actividades universitarias, priorizando os recursos necesarios para asegurar a continuidade das funcións docentes, investigadoras, de transferencia e de xestión.

e) Eficiencia na asignación dos recursos, de maneira que as novas necesidades e actuacións sexan avaliadas atendendo á súa prioridade institucional, impacto e dispoñibilidade efectiva de financiamento.

f) Sustentabilidade financeira e perspectiva plurianual, tendo en conta non só o gasto previsto para 2027, senón tamén os compromisos que as decisións adoptadas poidan xerar nos exercicios posteriores, especialmente cando teñan carácter estrutural ou recorrente.

g) Cumprimento das regras fiscais, de maneira que a elaboración do orzamento e a determinación dos créditos se realicen atendendo ás esixencias de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e regra de gasto que resulten de aplicación á Universidade no exercicio 2027, de conformidade, en particular, co previsto na Lei orgánica 2 /2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Terceira. Unidade de orzamentación

Os orzamentos da Universidade de Santiago de Compostela elaboraranse tendo como unidade de conta o euro.

Cuarta. Previsión de ingresos

1. As unidades que xestionen ingresos ou dispoñan de información relevante para a súa estimación deberán comunicar á Xerencia as previsións correspondentes ao exercicio 2027 dentro do prazo que se estableza no calendario de elaboración.

2. As previsións deberán identificar, cando menos:

a) Os ingresos derivados da prórroga do Plan Galego de Financiamento para o exercicio 2027

b) Os ingresos derivados de prezos públicos, tarifas e prestacións de servizos.

c) As transferencias correntes e de capital procedentes da Comunidade Autónoma, do Estado ou doutras administracións públicas.

d) Os ingresos derivados de subvencións, convenios e outras resolucións de financiamento que teñan anualidade ou execución prevista durante 2027.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

e) Os ingresos derivados de proxectos e actuacións financiados con fondos europeos ou outros instrumentos de financiamento externo.

f) Os ingresos derivados de contratos, convenios e actividades de investigación, transferencia ou prestación de servizos que teñan incidencia no exercicio.

g) As actuacións que se veñan desenvolvendo en exercicios sucesivos e para as que exista unha expectativa suficientemente fundada de continuidade do financiamento.

h) Calquera outro ingreso do que exista información que permita realizar unha estimación razoable para o exercicio 2027.

3. A Xerencia realizará a estimación global de ingresos tendo en conta a información remitida polas unidades, a execución do exercicio corrente, a evolución dos ingresos nos exercicios precedentes e a información dispoñible sobre o financiamento da USC para o exercicio 2027.

Quinta. Previsión e determinación das necesidades de gasto

4. A Xerencia coordinará coas Vicerreitorías e cos Centros, Departamentos, Servizos, Unidades e restantes estruturas organizativas con capacidade de gasto a determinación das necesidades para o exercicio 2027.

5. As propostas deberán identificar adecuadamente:

a) Os gastos derivados de compromisos adquiridos en exercicios anteriores que deban imputarse total ou parcialmente a 2027.

b) Os gastos necesarios para garantir o funcionamento ordinario das unidades e servizos.

c) Os gastos derivados de contratos vixentes e das contratacións previstas que deban producir efectos económicos en 2027.

d) Os gastos asociados a subvencións, axudas, bolsas ou transferencias que se prevexa convocar ou conceder durante o exercicio.

e) Os gastos derivados de proxectos, convenios e outras actuacións con financiamento afectado.

f) Os investimentos previstos para 2027, con indicación, cando proceda, da súa fonte de financiamento e da súa posible incidencia plurianual.

g) As novas necesidades ou actuacións propostas para o exercicio, diferenciándoas dos compromisos previamente adquiridos e dos gastos recorrentes.

6. As novas actuacións que impliquen compromisos de gasto para exercicios futuros deberán incorporar información suficiente para avaliar a súa incidencia económica plurianual.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Sexta. Procedemento e calendario de elaboración

O proceso de elaboración do Orzamento da USC para 2027 desenvolverase, con carácter xeral, nas seguintes fases:

1. Recollida da información de ingresos e gastos. As unidades responsables deberán facilitar á Xerencia a información necesaria nos formatos, procedementos e prazos que se determinen. Para estes efectos, a Xerencia comunicará oportunamente as instrucións e ferramentas que se empregarán para a recollida da información.

2. Estimación do escenario de ingresos. A Xerencia elaborará unha estimación dos recursos dispoñibles para 2027 a partir da información sobre o financiamento público previsto, da execución do exercicio corrente e das restantes fontes de financiamento.

3. Elaboración das liñas xerais do orzamento e límite de gasto non financeiro. O proxecto de liñas xerais do orzamento incorporará a proposta correspondente ao límite de gasto non financeiro para o exercicio 2027, nos termos previstos na normativa aplicable.

4. Elaboración do proxecto de orzamento. A Xerencia integrará as previsións de ingresos e as propostas e necesidades de gasto, realizando os axustes necesarios para garantir o equilibrio, a sustentabilidade e a coherencia global do proxecto.

5. Tramitación perante os órganos de goberno. O proxecto deberá ultimarse coa antelación suficiente para a súa tramitación e aprobación polos órganos competentes antes do inicio do exercicio 2027.

CALENDARIO

• Remisión da información para a previsión inicial de ingresos:31/10/2026

• Remisión das necesidades e previsións de gasto:31/10/2026

• Remisión das propostas de tarifas:06/11/2026

• Presentación das liñas xerais do orzamento:segundo o calendario institucional do Claustro Universitario.

• Informe de impacto por razón de xénero:15/11/2026

• Informe de impacto ambiental:15/11/2026

• Debate e aprobación do proxecto de orzamento por parte do Consello de Goberno:segundo o calendario institucional do Consello de Goberno.

• Debate e aprobación dos Orzamentos por parte do Consello Social segundo o calendario institucional do Consello Social.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Sétima. Estrutura orzamentaria

Para a elaboración do proxecto de orzamento teranse en conta a organización existente, a natureza económica dos ingresos e gastos e os fins e obxectivos aos que se destinan os recursos.

I. Ingresos

a) Estrutura orgánica.

O orzamento de ingresos elaborarase de acordo coa clasificación orgánica que figure no Anexo I.

b) Estrutura económica.

Os recursos incluídos nos estados de ingresos ordenaranse segundo a súa natureza económica conforme coa clasificación establecida no Anexo II.

O Servizo de Orzamentación e Planificación poderá crear os conceptos e subconceptos que resulten necesarios dentro da estrutura económica establecida.

II. Gastos

a) Estrutura orgánica.

O orzamento de gastos elaborarase de acordo coa clasificación orgánica recollida no Anexo I.

b) Estrutura económica.

Os créditos incluídos nos estados de gastos clasificaranse segundo a súa natureza económica de acordo coa clasificación que se estableza no Anexo III.

O Servizo de Orzamentación e Planificación poderá establecer os conceptos e subconceptos necesarios para a adecuada xestión e rexistro das operacións.

III. Estrutura funcional por programas

Os créditos dos estados de gastos agruparanse segundo a estrutura funcional por programas establecida no Anexo IV.

O Servizo de Orzamentación e Planificación poderá crear os programas que resulten necesarios para adaptar a estrutura orzamentaria ás necesidades organizativas e funcionais da Universidade.

Oitava. Unidades descentralizadas de gasto

Para os efectos da xestión descentralizada dos créditos, manteranse as unidades descentralizadas de gasto nos termos establecidos no Regulamento de xestión orzamentaria.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Corresponderá á Xerencia o mantemento da clasificación destas unidades e a determinación das unidades de gasto ou ingreso sobre as que exerzan responsabilidade, que se reflectirán nos correspondentes estados de ingresos e gastos.

Novena. Entidades vinculadas ou dependentes

As entidades vinculadas ou dependentes da USC deberán facilitar, nos prazos e formatos que determine a Xerencia, a información necesaria para a súa incorporación ao proxecto de orzamento e, cando proceda, para dar cumprimento ás obrigas de consolidación e de información económico-financeira que resulten aplicables.

A información incluirá, cando corresponda, os seus orzamentos estimativos de explotación e capital e a previsión das achegas ou transferencias que deban recibir da USC.

Décima. Tarifas e prezos

As unidades que presten servizos suxeitos a tarifas ou prezos deberán revisar as contías aplicables e comunicar á Xerencia:

a) as propostas de creación, supresión ou modificación de tarifas;

b) a previsión de ingresos para o exercicio 2027;

c) a información económico-financeira que resulte necesaria para xustificar as propostas presentadas.

Décimo primeira. Informe de impacto por razón de xénero

A Oficina de Igualdade de Xénero coordinará a elaboración do informe de impacto por razón de xénero do proxecto de orzamento, que deberá remitirse á Xerencia dentro do prazo establecido no calendario.

Décimo segunda. Informe de impacto ambiental

A Area de Infraestruturas coordinará a elaboración do informe de impacto ambiental do proxecto de orzamento e remitirao á Xerencia no prazo establecido.

Disposición adicional. Coordinación e desenvolvemento do proceso

Facúltase a Vicexerencia de Economía e Orzamentos, no ámbito das súas competencias, para coordinar o proceso de recollida, análise e integración da información necesaria para a elaboración do proxecto de orzamento e para ditar as indicacións técnicas e establecer os modelos normalizados que resulten precisos para a aplicación desta instrución.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Disposición final. Vixencia

Esta instrución producirá efectos desde a súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade de Santiago de Compostela e será aplicable ao proceso de elaboración do Orzamento da USC para o exercicio 2027.

O Xerente

Juan M. Díaz Villoslada

O Vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo, Planificación Economica e Infraestruturas

Roberto Bande Ramudo

Anexo I. Clasificación orgánica

Relación de códigos corporativos activados como códigos orgánicos

ÓRGANOS DE GOBERNO

8010	Reitoría
8025	Vicerreitoría de Ordenación Académica e Oferta Formativa
8032	Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo, Planificación Económica e Infraestruturas
8038	Vicerreitoría de Estudantado, Igualdade, Diversidade e Benestar
8039	Vicerreitoría de Profesorado e Innovación Docente
8044	Vicerreitoría de Cultura, Lingua e Patrimonio
8050	Vicerreitoría de Investigación e Ciencia Aberta
8054	Vicerreitoría de Innovación e Transferencia do Coñecemento
8060	Secretaria Xeral
8070	Consello Social
8075	Xerencia

DELEGADOS/A DIRECTOR/A DO/A REITOR/A

8309	Delegado/a de Estratexia de Internacionalización
8310	Delegado/a de Asuntos de Ensino Medio e a coordinación do Programa A Ponte
8312	Dirección do Campus Terra

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

FACULTADES

5010	Facultade de Bioloxía
5011	Facultade de Ciencias
5012	Facultade de Ciencias da Comunicación
5013	Facultade de Administración e Dirección de Empresas
5014	Facultade de Ciencias Políticas e Sociais
5015	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
5016	Facultade de Ciencias da Educación
5017	Facultade de Formación do Profesorado
5024	Facultade de Relacións Laborais
5025	Facultade de Dereito
5035	Facultade de Farmacia
5040	Facultade de Filoloxía
5045	Facultade de Filosofía
5050	Facultade de Física
5053	Facultade de Humanidades
5055	Facultade de Medicina e Odontoloxía
5056	Facultade de Óptica e Optometría
5057	Facultade de Enfermaría
5060	Facultade de Matemáticas
5064	Facultade de Psicoloxía
5065	Facultade de Química
5070	Facultade de Veterinaria
5075	Facultade de Xeografía e Historia

ESCOLAS TÉCNICAS SUPERIORES

5250	Escola Técnica Superior de Enxeñaría
5260	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

OUTROS CENTROS DOCENTES

5505	Centro de Estudos Propios (CEP)
5511	Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS)

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

DEPARTAMENTOS UNIVERSITARIOS

2101	Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado
2103	Departamento de Dereito Común
2108	Departamento de Fundamentos da Análise Económica
2109	Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
2110	Departamento de Organización de Empresas e Comercialización
2111	Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular
2112	Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía
2113	Departamento de Fisioloxía
2114	Departamento de Edafoloxía e Química Agrícola
2120	Departamento de Ciencias Morfolóxicas
2122	Departamento de Filoloxía Galega
2127	Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía
2128	Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación
2132	Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía
2134	Departamento de Física Aplicada
2137	Departamento de Historia da Arte
2140	Departamento de Xeografía
2142	Departamento de Matemática Aplicada
2146	Departamento de Química Inorgánica
2147	Departamento de Química Física
2148	Departamento de Química Orgánica
2149	Departamento de Enxeñaría Química
2150	Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía
2151	Departamento de Electrónica e Computación
2152	Departamento de Ciencias da Comunicación
2165	Departamento de Economía Cuantitativa
2167	Departamento de Patoloxía Animal
2183	Departamento de Botánica
2186	Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

2189	Departamento de Anatomía, Produción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias
2190	Departamento de Bioloxía Funcional
2191	Departamento de Ciencia Política e Socioloxía
2192	Departamento de Ciencias Forenses, Anatomía Patolóxica, Xinecoloxía e Obstetricia e Pediatría
2193	Departamento de Cirurxía e Especialidades Médico-Cirúrxicas
2194	Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa
2195	Departamento de Didácticas Aplicadas
2196	Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica
2197	Departamento de Filoloxía Clásica, Francesa e Italiana
2198	Departamento de Filosofía e Antropoloxía
2199	Departamento de Historia
21A1	Departamento de Lingua e Literatura Españolas, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral
21A2	Departamento de Matemáticas
21A3	Departamento de Pedagoxía e Didáctica
21A4	Departamento de Producción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría
21A6	Departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física
21A7	Departamento de Economía Aplicada
21A8	Departamento de Física de Partículas
21A9	Departamento de Enxeñaría Agroforestal
2181 / 2182	Departamento de Estatística, Análise Matemática e Optimización / Departamento de Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina

INSTITUTOS UNIVERSITARIOS

6010	Instituto de Ciencias da Educación (ICE)
6015	Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)
6025	Instituto da Lingua Galega (ILG)
6036	Instituto de Materiais (IMATUS)

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

6040	Instituto de Ciencias Forenses "Luis Concheiro" (INCIFOR)
6051	Instituto de Investigación en Humanidades da USC (IHUS)
6052	Instituto de Investigación en Psicoloxía da USC (IPsIUS)
6075	Instituto de Investigación do Medio Acuático para unha Saúde Global (IARCUS)
6095	Instituto Universitario de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER)
6096	Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias da USC (ILTIUS)
6097	Instituto de Investigación en Saúde Global e Desenvolvemento Sostible (ITERRA)

CENTROS SINGULARES DE INVESTIGACIÓN

2002	Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)
2003	Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS)
2005	Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS)
2010	Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE)
2011	Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais (CRETUS)

CENTROS DE INVESTIGACIÓN INTERUNIVERSITARIOS

6201	Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga)
6202	Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC)
6203	Centro de Investigación Interuniversitario en Economía e Empresa para a Sociedade (ECOBAS)

REDE DE INVESTIGACIÓN

2268	Centro de Biomedicina Experimental (CEBEGA)

SERVIZOS DE APOIO Á DOCENCIA E Á INVESTIGACIÓN

7010	Biblioteca Universitaria (BUSC)

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

7033	Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento
7039	Área de Infraestruturas de Investigación
7069	Rede de Estacións Biolóxicas da Universidade de Santiago de Compostela (REBUSC)

SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA

7505	Área Tecnoloxías da Información e da Comunicación (ATIC)
7522	Centro de Formación de Persoal
7535	Escola Infantil Breogán
7540	Área Deportiva

SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS

7600	Servizo Universitario de Residencias (SUR)

Anexo II. Clasificación económica de ingresos

3 - PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS

30	TAXAS ADMINISTRATIVAS
	301 TAXAS POR SERVIZOS ADMINISTRATIVOS
31	PREZOS PÚBLICOS POR SERVICIOS ACADÉMICOS
	310 PREZOS PÚBLICOS ESTUDOS OFICIAIS
	311 PREZOS PÚBLICOS ESTUDOS PROPIOS
	312 PREZOS PRIVADOS
	319 PREZOS PÚBLICOS OUTROS ESTUDOS
38	REINTEGROS
	380 REINTEGROS DE EXERCICIOS PECHADOS
	381 REINTEGROS DE EXERCICIO CORRENTE
39	OUTROS INGRESOS
	391 OUTROS INGRESOS SERVIZOS PRESTADOS E XUROS (ESPECÍFICO USC)
	399 OUTROS INGRESOS

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

5 - INGRESOS PATRIMONIAIS

50	XUROS DE TÍTULOS VALORES
	500 XUROS DE TITULOS E VALORES DO ESTADO
	507 XUROS DE TITULOS E VALORES POR EMPRESAS PRIVADAS
52	XUROS DE DEPÓSITOS
	520 XUROS DE CONTAS BANCARIAS
53	DIVIDENDOS E PARTICIPACIÓNS EN BENEFICIOS
	537 DIVIDENDOS E PARTICIPACIÓN EN BENEFICIOS DE EMPRESAS
54	RENDAS DE BENS INMOBLES
	540 ALUGER DE INMOBLES
55	PRODUTOS DE CONCESIÓNS
	550 CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS
59	OUTROS INGRESOS PATRIMONIAIS
	599 OUTROS INGRESOS PATRIMONIAIS

6 - ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS

60	ALLEAMENTO DE TERREOS
	600 VENDA DE TERREOS
61	VENDA DE OUTROS INVESTIMENTOS REAIS
	619 VENDA DE OUTROS INVESTIMENTOS REAIS

7 - TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

70	DA ADMINISTRACIÓN XERAL E ORGANISMOS PÚBLICOS DO ESTADO
	701 SEGURIDADE SOCIAL
	702 DE ORGANISMOS AUTÓNOMOS E AXENCIAS ESTATAIS
	704 SUBVENCIÓNS FINALISTAS DA ADMINISTRACIÓN XERAL
71	DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓ
	710 DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
72	DO RESTO DE ENTIDADES DO SECTOR PÚBLICO
	720 DO RESTO DE ENTIDADES DO SECTOR PÚBLICO

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

	721 ENTIDADES PÚBLICAS DOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS
	722 UNIVERSIDADES PÚBLICAS DE FÓRA DE GALICIA
73	DE ORGANISMOS PUBLICOS AUTÓNOMOS E AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS
	730 DE ORGANISMOS PUBLICOS AUTÓNOMOS
	731 DE ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO
	732 AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS
74	DE SOCIEDADES PÚBLICAS E OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
	741 DE ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS
	745 DE OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOM
75	DE COMUNIDADES AUTONÓMAS
	750 OUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS
76	DE CORPORACIÓNS LOCAIS
	760 CONCELLOS
	761 DEPUTACIÓNS
	769 DOUTROS ENTES LOCAIS
77	DE EMPRESAS PRIVADAS
	770 DE EMPRESAS PRIVADAS
78	DE FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO
	780 FAMILIAS
	781 DE INSTITUCIÓNS SEN FIN DE LUCRO. (PRIVADAS)
79	DO EXTERIOR
	790 DO EXTERIOR
	795 FONDOS PARA PROGRAMAS DO PLAN DE TRANSFORMACIÓN, RECUPERACIÓN E R
	797 FÓRA DA UNIÓN EUROPEA
	799 DA UNIÓN EUROPEA

8 - ACTIVOS FINANCEIROS

82	REINTEGRO PRÉSTAMOS SECTOR PÚBLICO

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

	821 REINTEGRO PRÉSTAMOS SECTOR PÚBLICO A LONGO PRAZO
85	ALLEAMENTO DE ACCIÓNS E PARTICIPACIONS DO SECTOR PÚBLICO
	850 ALLEAMENTO DE ACCIÓNS E PARTICIPACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO
87	REMANENTE DE TESOURARÍA
	870 REMANENTE DE TESOURARÍA

9 - PASIVOS FINANCEIROS

95	ANTICIPOS RECIBIDOS MRR
	950 PRÉSTAMOS RECIBIDOS E EMISIÓN DE DÉBEDA

Anexo III. Clasificación económica de gasto

1 - GASTOS DE PERSOAL

10	ALTOS CARGOS E PERSOAL DIRECTIVO
	100 ALTOS CARGOS E PERSOAL DIRECTIVO
11	PERSOAL EVENTUAL
	110 PERSOAL EVENTUAL
12	PERSOAL FUNCIONARIO
	120 RETRIBUCIÓNS BÁSICAS FUNCIONARIOS
	121 RETRIBUCIÓNS COMPLEMENTARIAS FUNCIONARIOS
	122 AMPLIACIÓN E MELLORA
13	PERSOAL LABORAL
	130 SOLDO LABORAL FIXO
	131 SOLDO PERSOAL LABORAL TEMPORAL
	133 PERSOAL LABORAL OUTROS
14	PDI OUTROS RÉXIMES XURÍDICOS
	148 PDI EMÉRITO
15	INCENTIVOS AO RENDEMENTO
	150 PRODUTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS
	151 GRATIFICACIÓNS
16	GASTOS SOCIAIS

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

	160 COTAS SOCIAIS
	162 GASTOS SOCIAIS

2 - GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

20	ARRENDAMENTO E CANONS
	200 ARRENDAMENTO TERREOS
	202 ARRENDAMENTO EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS
	203 ARRENDAMENTO MAQUINARIA
	204 ARRENDAMENTO ELEMENTOS DE TRANSPORTE
	206 ARRENDAMENTO DE EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN
	209 CANONS
21	REPARACIÓN E CONSERVACIÓN
	212 REPARACIÓNS E MANTEMENTO EDIFICIOS
	213 REPARACIÓNS E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS
	214 REPARACIÓNS E MANTEMENTO ELEMENTOS DE TRANSPORTE
	215 REPARACIÓNS E MANTEMENTO MOBILIARIO E EQUIPOS
22	MATERIAL, SUBMINISTRACIÓNS E OUTROS
	220 MATERIAL DE OFICINA
	221 SUBMINISTRACIÓN
	222 COMUNICACIÓNS
	223 TRANSPORTES
	224 PRIMAS DE SEGUROS
	225 TRIBUTOS
	226 GASTOS DIVERSOS
	227 TRABALLOS REALIZADOS POR EMPRESAS E PROFESIONAIS
23	INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓNS DO SERVIZO
	230 AXUDAS DE CUSTO E LOCOMOCIÓN
	233 OUTRAS INDEMNIZACIÓNS
24	MEDIOS PROPIOS
	240 MEDIOS PROPIOS

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

28	DOCENCIA, EXTENSIÓN E OUTROS
	280 ESTUDOS OFICIAIS
	281 ESTUDOS PROPIOS
	282 GASTOS DE FUNCIONAMENTO ASOCIADOS A PROGRAMAS DE MOBILIDADE
	284 CURSOS E CONFERENCIAS
	285 EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
	286 GASTOS FUNCIONAMENTO DE ATENCIÓNS CLÍNICAS

3 - GASTOS FINANCEIROS

30	XUROS DE PRÉSTAMOS
	300 XUROS DE PRÉSTAMOS
31	GASTOS DE FORMALIZACIÓN, MODIFICACIÓN E CANCELACIÓN DE PRÉSTAMOS
	310 GASTOS DE FORMALIZACIÓN, MODIFICACIÓN E CANCELACIÓN DE PRÉSTAMOS
34	XUROS DE PÓLIZAS E FINANZAS
	340 XUROS DE PÓLIZAS
	341 XUROS DE FIANZAS
35	XUROS DE MORA E OUTROS GASTOS FINANCEIROS
	352 XUROS DE MORA E PROCESUAIS
	359 OUTROS GASTOS FINANCEIROS

4 - TRANSFERENCIAS CORRENTES

48	TRANSFERENCIAS CORRENTES A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO
	480 TRANSFERENCIAS CORRENTES A FAMILIAS
	481 TRANSFERENCIAS CORRENTES A INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO
	483 TRANSFERENCIAS CORRENTES A ORGANISMOS E INSTITUCIÓNS PARTICIPADAS POLA
	485 TRANSFERENCIAS CORRENTES OUTROS ORGANISMOS
49	TRANSFERENCIAS CORRENTES AO EXTERIOR
	490 TRANSFERENCIAS CORRENTES AO EXTERIOR

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

5 - FONDO DE CONTINXENCIA

50	FONDO DE CONTINXENCIA
	500 FONDO DE CONTINXENCIA

6 - INVESTIMENTOS REAIS

62	INVESTIMENTO NOVO ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SERVIZOS
	620 INVESTIMENTO EN TERREOS E BENS NATURAIS
	622 INVESTIMENTO NOVO EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS
	623 MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTENSILIOS
	624 ELEMENTOS DE TRANSPORTE
	625 MOBILIARIO E UTENSILIOS
	626 EQUIPOS PARA O PROCESADO DE INFORMACIÓN
	628 OUTRO INMOBILIZADO MATERIAL
63	INVESTIMENTOS DE REPOSICIÓN ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SERVIZOS
	632 REPARACIÓN, AMPLIACIÓN E MELLORA DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS
64	INVESTIMENTOS INMATERIAIS
	640 PROGRAMAS DE RECURSOS HUMANOS DE INVESTIGACIÓN
	641 PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN
	642 CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN
	643 REUNIÓNS CIENTÍFICAS
	644 PROXECTOS DE COOPERACIÓN
	645 OUTRO INMOBILIZADO INMATERIAL DE INVESTIGACIÓN
	646 AXUDA INVESTIGACIÓN DEPARTAMENTOS, INSTITUTOS E CENTROS SINGULARES
	647 OUTROS PROXECTOS DE INVESTIMENTO INMATERIAL

7 - TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

74	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL A SOCIEDADES E OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS
	740 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL A ENTIDADES

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

	PÚBLICAS EMPRESARIAIS
78	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL A INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO
	780 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO

8 - ACTIVOS FINANCEIROS

86	ACCIÓNS E PARTICIPACIÓNS FÓRA DO SECTOR PÚBLICO
	860 ADQUISIÓN DE ACCIÓNS DENTRO DO SECTOR PRIVADO
87	ACHEGAS Á CONTA DE CAPITAL
	870 ACHEGAS AO CAPITAL DE ENTES DO SECTOR PÚBLICO
	871 ACHEGAS AO CAPITAL DE SOCIEDADES MERCANTIS PARTICIPADAS
	875 ACHEGAS AO CAPITAL DE FUNDACIÓNS PÚBLICAS DA UNIVERSIDADE

9 - PASIVOS FINANCEIROS

91	DEVOLUCIÓN DE PRÉSTAMOS E ANTICIPOS
	911 DEVOLUCIÓN ANTICIPOS REEMBOLSABLES
	912 FONDO MRR A REGULARIZAR MEDIENTE FORMALIZACIÓN
	913 AMORTIZACIÓN PRÉSTAMOS BANCARIOS

Anexo IV. Clasificación funcional

Grupos / Subgrupos

1 - ENSINO UNIVERSITARIO

10	Ensino universitario en xeral
11	Graos
12	Másters
13	Programas de doutoramento
14	Posgrao propio
15	Sen definir

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

16	Microcredenciais e outras actividades específicas con financiamento externo no ámb
17	Prácticas docentes
18	Cuarto Ciclo e outras actividades formativas
19	Universidade de verán

2 - INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA, EMPRENDEMENTO E TRANSFERENCIA

20	Investigación universitaria en xeral
21	Actividades institucionais de investigación derivadas de financiamentos específicos
22	Actividades dos servizos da Área de Infraestruturas de Investigación
23	Programas de incorporación de recursos humanos de investigación, financiamento e
24	Programas de incorporación de recursos humanos de investigación da USC
25	Actividades singulares de I+D con financiamento externo
26	Programas de investigación da USC
27	Emprendemento
28	Liñas de investigación. Recursos humanos de investigación da USC
29	Outras actividades de investigación

3 - SERVIZOS COMÚNS PARA A DOCENCIA, A INVESTIGACIÓN E A EXTENSIÓN UNIVERSITARIAS

30	Servizos comúns en xeral
31	Bibliotecas e arquivos
32	Calidade, Desenvolvemento Sostible
33	Internacionalización
34	Persoal temporal de Capítulo I
35	Fondos instrumentais para distribución posterior
36	Mecenado
37	Programas transversais con financiamento específico
38	*Sen definir
39	Subvencións e outros gastos de carácter xeral

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

4 - EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

40	Extensión universitaria en xeral
41	Residencias universitarias
42	Cultura
43	Cátedras
44	Deportes
45	Outros programas propios de extensión universitaria
46	Outros programas de extensión universitaria con financiamento externo
47	*Sen definir
48	Escola Infantil
49	Programas de intercambio (Erasmus, ...)

5 - ENDEBEDAMENTO

50	Endebedamento en xeral

6 - COOPERACIÓN UNIVERSITARIA

60	Cooperación universitaria en xeral
61	Proxectos singulares de cooperación

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.